

***Convenio de Adhesión  
Rede Galega de Teatros e Auditorios 2018 (1º semestre)***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou con Lara Rodríguez Peña, representante do **Concello de Lalín**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de abril ata o 18 de maio de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*a realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberán desenvolver no Salón Teatro de Lalín e nas condicións especificadas no presente convenio.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

*Unha das funcións de Agadic, segundo súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela






**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**AGADIC**



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia  
Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
tel.: 881 99 60 77 / 78  
fax: 881 99 60 80  
[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal) / [agadic@xunta.es](mailto:agadic@xunta.es)  
agadic@  
AGADIC

galicia

